

X. A. Pena Romay (2004): “Alternancia en galego dos pronomes átonos de acusativo e dativo en verbos que rexen ámbalas dúas posibilidades”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 129-137.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ALTERNANCIA EN GALEGO DOS PRONOMES ÁTONOS DE ACUSATIVO E DATIVO EN VERBOS QUE REXEN ÁMBALAS DÚAS POSIBILIDADES

Xosé Antonio Pena Romay

Traducións “Pergameo”

Resulta ben doado comprobar que, a nivel de metodoloxía didáctica, cando queremos que un alumno identifique un CD e un CI o recurso máis manido é o da substitución pronominal. Noutras palabras, tendemos practicamente sempre a identifica-la palabra ou sintagma que podemos substituír polo pronome acusativo átono (isto é, “o, a, os, as”, cos seus respectivos alomorfos) como CD, e de igual xeito analizamos como CI aquel grupo substituíble polo pronome dativo (“lle, lles”).

Exemplos:

Os padriños regalaron un coche	CD
Os padriños regalárono	CD
Os padriños regalaron un coche ós noivos	CI
Os padriños regaláronlles un coche	CI

Evidentemente, non vou ser eu aquí quen contradiga que o CD se pode substituír por un pronome acusativo e que o CI pode face-lo mesmo cun pronome dativo. Sen embargo, hai que matizar e contextualizar estas afirmacións, xa que non son raros os casos de CD que podemos (e nalgúns mesmo “debemos”, polo menos no que se refire á miña persoal experiencia lingüística) substituír pronominalmente polo dativo, sen que isto sexa indicativo de castelanismo sintáctico.

O meu obxecto nesta pequena aproximación ó tema non vai se-lo de defender e demostrar que os exemplos que aquí se van expoñer son correctos e propios da nosa lingua, xa que creo que iso queda fóra de toda dúbida razoable en tanto e en canto están baseados na fala oral espontánea de falantes galegos (cando menos a maioría deles). De tódolos xeitos, non virá de máis indicar que non están recollidos en ningunha obra publicada á que se poida recorrer para consultalos, xa que xurdiron unha serie de proble-

mas metodolóxicos que fixeron inviable esta posibilidade debido ó reducido número de casos que aparecían nas obras que intentei manexar. Así pois, por moi raros que para algunhas persoas poidan soar algúns exemplos que aquí se presenten (e resalto isto porque puiden constatar que hai moita xente que non utilizaría nunca ou case nunca, o pronome dativo nalgunhas das expresións que van aparecer neste traballo) podeades te-la absoluta certeza de que non se trata de invencións, senón de exemplos reais tirados da nosa lingua falada. A finalidade deste traballo, xa que logo, residirá na sistematización dos verbos que admiten a posibilidade da que estamos falando, indicando os trazos que teñen en común.

Así mesmo, quero precisar que deixei fóra desta pequena aproximación todo tipo de construcións causativas, nas cales as regras que rexen a aparición do dativo e acusativo seguen esquemas ou pautas distintos ós das construcións non causativas.

Unha vez feita esta pequena introducción imos entrar xa no que é en si o obxecto desta comunicación.

Dividín en tres grupos os verbos transitivos que poden levar un dativo funcionando como CD. Así e todo, hai que puntualizar e deixar ben claro que estes grupos non esgotan tódalas posibilidades ou casos de dativo cumprindo a función de CD, aínda que si probablemente se trate dos grupos máis amplos ou nos que se poidan incluír un maior número de verbos:

1º GRUPO

O primeiro grupo de verbos que poden levar un pronome dativo como CD inclúe aqueles que, na acepción que nos interesa (pois algún deles poden ter máis acepcións, como notaredes de seguida), implican ou expresan sentimentos, sensacións ou impresións do ente que extralingüísticamente é representado polo CD. Ou mellor, por dicilo nuns termos máis técnicos, aqueles nos que o CD experimenta a acción do verbo como un proceso que se realiza en si mesmo. Algúns destes verbos serían:

Fastidiar, foder, conmover, sorprender, divertir, tranquilizar, intranquilizar, amolar, incomodar, preocupar, asustar, molestar, irritar, anoxar, marabillar, convencer, entusiasmar, ofender, matar (=fastidiar), atraer, afectar, aborrecer, enfastiar, cansar, comprar, satisfacer, beneficiar, encantar, estremecer, apaixonar, aliviar, interesar, alegrar, prexudicar, convencer.

Exemplos:

O que máis **lle** fastidiou é que marchou sen despedirse del.

Moito **lle** fode que vaia de chulo pola vida.

A Don Marcelino conmoveu**lle** moito o poema de Pondal.

A el xa non **lle** sorprende nada nesta vida.

¿Pero tanto **lle** divertiu a representación?

A chamada do director foi o que máis **lle** tranquilizou.

¿Seica **lle** amolou que foses onda el?

Nós non temos culpa de que estas cousas **lle** incomoden.

A opinión que ti poidas ter del non **lle** preocupa o máis mínimo.

As historias de medo si que **lle** asustan.

¿Pero hai algo que non **lle** moleste a ese papahostias?

Xa sabes que non hai cousa que máis **lle** irrite ca que entres sen chamar.

Sempre **lle** marabillou todo o relacionado co “máis alá”.

Os teus argumentos non **lle** convenceron.

Se **lle** ofende o que eu digo, que se foda.

En todos estes verbos, como a continuación intentarei demostrar, existe unha gradación en canto á opción da utilización pronominal do dativo ou do acusativo, e esta gradación vén determinada pola estrutura sintáctico-semántica (e penso que mesmo tamén pola estrutura do que damos en chamar “estrato informativo”) da cláusula na que se insire o verbo. Imos cuns exemplos:

- a) Xoán fastidiou a Pepe co seu comentario.
- b) O comentario de Xoán fastidiou a Pepe.
- c) A Pepe fastidiou... o comentario de Xoán.

No caso a), se realizámo-la substitución pronominal, eu creo que a única opción que temos (ou, polo menos, a maioritaria ou máis usual) é a da aparición do pronome acusativo (“Xoán fastidiouno co seu comentario”). ¿A que é debido isto? Pois, desde o meu punto de vista, creo que a escolla probablemente veña condicionada pola presenza anterior dun suxeito explícito que ten as características de +animado e axente.

Se pasamos ó caso b), e deixando de lado as opcións que cada persoa en concreto poida manexar, en galego pode aparecer como CD tanto o pronome acusativo coma o dativo (“O comentario de Xoán fastidiouno” ou “O comentario de Xoán fastidioulle”). Notemos que aquí xa aparece como suxeito unha entidade non persoal (mesmo non animada) e, xa que logo, non axente.

No caso c), onde colocámo-lo CD con preposición (isto é, coa forma habitual da aparición do CI) ó comezo da cláusula, parece que xa existe unha maior tendencia a utiliza-lo dativo (“A Pepe fastidioulle o comentario de Xoán”), aínda que puiden contrastar que hai xente que pode utilizar igualmente o acusativo.

Por outra banda, parece evidente que se colocámo-lo CD pleno ou léxico ó final do enunciado isto impide a aparición do acusativo, e só nos quedarían dúas opcións:

- O comentario de Xoán fastidioulle a Pepe
- O comentario de Xoán fastidiou a Pepe
- *O comentario de Xoán fastidiouno a Pepe

A última opción, e creo que aquí coincidiremos todos, sería totalmente inadmisíble.

Notemos que isto último que veño de indicar representa un trazo característico do CI, e non do CD, xa que a duplicación deste é imposible cando o colocamos na súa forma plena ó final do enunciado (ou, por precisalo mellor, en posición secuencialmente posterior ó da forma do pronome átono):

*Comino o pan.

Si o podemos duplicar cando a forma plena aparece antes do pronome átono:

O pan, comino.

O pan comino.

En cambio, a duplicación non só é posible, senón que é case sempre obrigada, cando nun enunciado se mantén o CI pleno:

Cominlle o pan a Pepe.

A Pepe cominlle o pan.

*Comín o pan a Pepe.

Parece, polo tanto, que o CD pasa a adquirir algunha das características formais do CI (aparición de preposición, duplicación). Xa que logo, podemos comezar a relaciona-la presenza do pronome dativo coa adopción por parte do CD de trazos formais do CI.

Así pois, parece ser que dependendo da estrutura sintáctico-semántico-informativa que se adopte na cláusula pode varia-la porcentaxe de posibilidades de que apareza o dativo ou o acusativo como substitución pronominal.

Pero, ¿que teñen todos estes verbos (e algúns máis) en común para que na construción con suxeito non axente e non animado se poida pronominaliza-lo CD cun dativo? Pois, como imos observar de seguido, hai unha serie de características que comparten:

1. Característica fundamental e *sine qua non* é que todos eles teñen un CD semanticamente +humano en orixe (aínda que algúns deles tamén chegasen a aceptar CD non humanos co paso do tempo: “O pulo nacionalizador afectou ás empresas de menos de 20 traballadores”).

¿A que nos leva que o CD teña o trazo de +humano? Pois sacándolle un pouco de punta podemos pensar que, nas construcións máis comúns na fala, este trazo semántico identifícase máis ben co CI (en principio aquel que recibe o beneficio ou prexuízo da acción) ca co CD (en principio o obxecto paciente da acción). Isto pode levar a que o falante estableza unha relación de analogía que o leve (ou que lle leve) a interpreta-lo CD como CI, de aí que na substitución pronominal utilice o dativo.

Se a isto lle engadimos un suxeito non animado, e que moitas veces aparece en posición posverbal, non é difícil pensar que ese suxeito pase a ser reinterpretado como CD (non animado e posverbal son trazos característicos dun CD nunha construción “normal” ou máis común). De feito, un non pequeno número de alumnos, nunha construción como “Á oposición non lle convenceu a explicación do goberno”, analiza “á oposición” como CI e “a explicación do goberno” como CD.

Estariamos, pois, ante un fenómeno de analoxía sintáctica no que se toma como referencia a construción máis habitual na lingua, de aí que se produza unha especie de “translación” de actantes na mente do falante, na que o Suxeito pasa a ocupa-lo lugar do CD e este pasa a ocupa-lo lugar do CI.

2. Trátase de verbos que implican ou expresan sentimentos, emocións ou impresións do CD.

Isto pódenos levar a pensar que tal vez o falante, de xeito analóxico, relacione estes verbos con dous verbos intransitivos (sen CD, polo tanto, pero que si teñen CI) que se poden quizais tomar como paradigmáticos da expresión destes sentimentos: os verbos “doer” (expresa un sentimento de carácter negativo) e “gustar” (expresa un sentimento de carácter positivo):

O comentario de Xoán doeulle a Pepe.

O comentario de Xoán gustoulle a Pepe.

3. Por outra banda, practicamente todos estes verbos teñen un comportamento idéntico, e particular con respecto ó resto, se o enunciado o expresamos con construción causativa, xa que esta obriga á utilización pronominalizada do verbo en cuestión:

conmóvese

sorprendese

divertise

Xoán, co seu comentario, fíxo que Pepe se tranquilizase

fastidiase

amolase

preocupase

Como podemos comprobar, noutro tipo de verbos non se dá esta utilización na súa forma pronominal:

Xoán fíxo que Pepe comese a mazá.

Non sei se isto pode ter algún tipo de relación co emprego do dativo, así que simplemente anoto esta característica común a estes verbos por se ten algunha relación coa construción causativa, onde, como xa indiquei, a sistematización das pautas que rexen a aparición do dativo ou acusativo parece moito máis difícil e complexa.

2º GRUPO

No segundo grupo inclúo unha serie de verbos que requiren un actante que ocupe o lugar do que xenericamente podemos entender como Suplemento (este ou non expreso explicitamente no enunciado).

Podemos sinalar neste grupo os seguintes verbos:

Avisar, informar, axudar, ameazar, ensinar, obrigar, obedecer, servir, advertir, atender

avisar de + supl.	obrigar a + supl.
informar de + supl.	obedecer en + supl.
axudar a (ou “en”) + supl.	servir en + supl.
ameazar con (ou “de”) + supl.	advertir de + supl.
ensinar a + supl.	atender en + supl.
acusar de + supl.	

Exemplos:

Eu xa **lle** avisei de todo canto me dixeches.

¿Non **lle** informaches de nada do que se dixo na reunión?

Axúdalle a traer eses paquetes para dentro.

Xa **lle** ameazou máis dunha vez con denunciálo.

¿Haberalle que ensinar a conducir un día destes, ouh?

Obrigueille a entregar unha cantidade como fianza.

Obedécelle en todo o que che mande.

Non se preocupe, señor, servireille en todo canto poida se me concede o posto.

Menos mal que **lle** advertimos das intencións de súa cuñada.

Xa **lle** atende aquí [en todo o que faga falta] o meu compañeiro.

Ese tío é un cabrón: acusoulle [a Pepe] de copia-lo exame.

Notemos que nalgún destes verbos o Suplemento podería prescindir da preposición e converterse, polo tanto, en CD, co que a opción do pronome dativo átono non necesitaría ningunha explicación, pois funcionaría como CI. Por exemplo:

Eu fun quen **lle** advertín que non viñese á reunión.

¿Cal é a característica que teñen en común estes verbos e que pode levar a unha utilización de pronome dativo funcionando como CD? Pois precisamente a presenza dese Suplemento. Lembremos que entre o CD e mailo Suplemento, malia constituíren dúas funcións sintácticas diferentes e seren compatibles nunha mesma secuencia, se dá unha estreita relación, de xeito que nunha grande porcentaxe de construcións a presenza dunha destas funcións sintácticas supón a ausencia da outra. Así pois, o que en principio é o CD, nestas construcións pode pasar a se reinterpretar como CI por mor da presenza (explícita ou non) dun Suplemento. Volve, polo tanto, funciona-la analogía lingüística, xa que novamente se toma como referencia válida o esquema sintáctico máis habitual na fala, no cal, como veño de indicar, a presenza dun Suplemento supón a non presenza dun CD.

Así mesmo, tamén podemos apreciar que, ó igual que acontecía cos casos do primeiro grupo, o CD volve presenta-lo trazo semántico de +humano e é introducido por unha preposición:

Advertín ós meus amigos de que non viñesen á reunión.

No terceiro grupo de verbos que diferenciei inclúo unha serie deles que, presentando orixinarmente unha estrutura triactancial (suxeito, CD e CI), co paso do tempo poden chegar a prescindir dun actante. Ese actante do que se prescinde (polo menos explicitamente) é o que en principio realizaba a función de CD.

Entre estes verbos estarían os seguintes:

Entender, roubar, golpear, tocar, escoitar, oír, crer, mirar, morder, beliscar, rozar

Exemplos:

¿Entendinlle eu mal ou dixo que o asasino era louro?

Para que non lle volvan roubar o mellor é pór unha alarma na casa.

Un anaco de madeira voou e foille golpear a Pepe na cabeza.

Non lle volvas tocar a meu irmán se non queres quedar a pedir pan por acenos o resto da vida.

–¿Escoitaches? –Si, home, si, escoiteille, pero non lle penso facer nin puto caso.

¿Non lle oíches? ¡Baixa de aí agora mesmo!

¿Non lle cres? Pois eu asegúroche que case nunca di mentiras, ¿eh?

Hai que matar ese can. Xa é a segunda vez que lle morde a teu curmán.

¡Arre carallo! ¡Que manía tes de andarlle beliscando á xente!

Pasoulle rozando co coche.

Notemos que en todos estes enunciados podemos utiliza-lo verbo na súa compoñente triactancial (suxeito + CD + CI):

¿Entendinlle eu mal a súa declaración ou dixo que o asasino era louro?

Para que non lle volvan roubar o que ten na casa o mellor é pór unha alarma na mesma.

Un anaco de madeira voou e foille golpear a Pepe a cabeza.

Non lle volvas tocar un pelo a meu irmán se non queres quedar a pedir pan por acenos o resto da vida.

–¿Escoitaches? –Si, home, si, escoiteille todo canto dixo, pero non lle penso facer nin puto caso.

¿Non lle oíche-lo que acaba de dicir? ¡Baixa de aí agora mesmo!

¿Non lle cres nada do que di? Pois eu asegúroche que case nunca di mentiras, ¿eh?

Hai que matar ese can. Xa é a segunda vez que lle morde a cache a teu curmán.

¡Arre carallo! ¡Que manía tes de andarlle beliscando o cu á xente!

Así pois, nas secuencias nas que aparecen estes verbos parece que en principio podemos manexar dúas hipóteses (non excluíntes entre si) para explica-la presenza do pronome dativo átono:

- a) O pronome dativo átono cumpre a súa función propia (isto é, a de CI), pois sobreenténdese ou dáse por suposta a existencia dun CD (vai implícita na propia utilización do verbo).

b) A segunda hipótese é que, coa supresión do que en principio é o CD, o CI pase a se reinterpretar como obxecto paciente, ou sexa, que pase a ocupa-lo lugar ac-tancial que deixa baleiro o orixinal CD, pero mantendo a substitución pronominal orixinal, a do dativo.

Esta segunda hipótese explicaría que en todos estes verbos (agás, tal vez, no caso de “roubar”) se poida tamén utiliza-lo pronome acusativo átono, aínda que (cando menos para min) nalgúns casos esta opción resulte un tanto forzada:

–¿Entendiches ó profesor? –Si, home, si, entendino.

¿Con que o golpearon na cabeza ?

Non o volvas tocar [a meu irmán] se non queres quedar a pedir pan por acenos o resto da vida.

–¿Escoitaches ó profesor? –Si, home, si, escoiteino.

–¿Oíches a teu pai? –Si, xa o oín.

Eu a Pepe non o creo nunca.

O can do Chasco mordeuno nunha perna.

Beliscouna nun brazo e ela nin se inmutou¹.

Ademais, puiden comprobar que á hora de aprenderlles ós alumnos o que é un CD e un CI, se se lles di que fagan a proba de pasa-la secuencia a pasiva, moitos deles fan o seguinte:

O profesor foi entendido polos alumnos.

O médico foi roubado por un dos seus pacientes.

Pepe foi golpeado na cabeza por un anaco de madeira.

O profesor foi escoitado polos alumnos.

Meu pai foi oído por min.

Pepe foi crido polos seus amigos.

Teu curmán foi mordido por un can.

Maruxa foi beliscada por Rosa.

Temos, xa que logo, que o que en principio é CI pasa a ser reinterpretado como ob-xecto paciente da mesma.

Notemos tamén, por outra banda, que en todas estas construcións o CI está repre-sentado polo que denominamos “dativo posesivo”; non se trata, pois, dun CI que reciba o beneficio ou prexuízo da acción, senón que o que fai é expresar unha relación deíctica co CD:

¿Entendinlle eu mal a súa declaración?

Para que non lle volvan roubar as súas cousas.

¹ Podemos observar, a maiores, que cando estas expresións son escoitadas fóra de contexto o que normal-mente se entende é que o CD é inanimado:

Xa o oín (= “Oín algo que dixeron”)

Entendino (= “Entendín algo”)

Non o creo (= “Non creo algo”)

Un anaco de madeira voou e foi golpear a cabeza de Pepe.

Non toques nin un pelo de meu irmán.

¿Escoitáche-las palabras de Pepe?

¿Non cre-la declaración de Pepe?

O can mordeu a catcha de Pepe.

Rosa beliscou a perna de Maruxa.

Outra característica que teñen en común algúns destes verbos (golpear, tocar, morde, beliscar) é que o CD +animado pode levar unha frase preposicional que fai unha precisión ou maior determinación dentro del:

Golpeoulle na cabeza.

Tocoulle na cabeza.

Mordeulle nun brazo.

Beliscoulle nun brazo.

Como xa dixen anteriormente nesta exposición, os grupos que foron incluídos nela non esgotan tódalas posibilidades ou casos (ademais, dentro deses grupos seguro que faltan outros verbos que poderían pasar a engrosa-la lista de cada un deles). Entre os verbos que non incluín en ningún dos tres grupos (e que, polo tanto, requiren unha explicación diferente ás mencionadas, nalgúns casos mesmo acudindo á evolución histórica ou ó latín) estarían os seguintes:

Chámalle por teléfono.

Quérolle moito (habería que recorrer a motivacións históricas).

Adianteille pola dereita.

O Compostela xa lle pasou ó Barcelona na clasificación.

Atácalle a esa tía, que che está ben cachonda.

Témolle moito.